

CEIP DE AGOLADA

**NORMAS DE ORGANIZACIÓN
E FUNCIONAMIENTO**


DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

NOME: CEIP AGOLADA	COD. CENTRO: 36003480
ENDEREZO: AVDA/IRYDA Nº 20	TFNO: 986788057
IMPARTE: ED. INFANTIL, PRIMARIA	
PÁXINA WEB: centros.edu.xunta.es/ceipdeagolada	

O presente documento ten a intención de actualizar o aprobado no Consello Escolar o día 4 de abril de 2013 e vixente ata o día de hoxe; debido á necesidade de contemplar, actualizar e matizar varios aspectos aportados e estudados pola Comisión de Coordinación Pedagóxica e cuxa inclusión considerouse necesaria.

Este Regulamento de Réxime Interior foi aprobado polo CONSELLO ESCOLAR do CEIP DE AGOLADA con data 28 de xaneiro de 2016.

O director e Presidente do Consello Escolar


Asdo: Luís Vázquez Rojo



INDICE

PREÁMBULO	5
Capítulo 1. Introducción	5
Capítulo 2. Organización práctica de todos os membros da comunidade educativa	6
1. Órganos de goberno	6
2. Órganos colexiados	6
3. Outros membros da comunidade educativa	7
4. Horario xeral do centro	8
Capítulo 3. Normas de convivencia	8
1. Profesorado	8
2. Concreción Curricular	9
3. O profesorado na práctica docente diaria	9
4. O profesorado titor	9
5. Control de absentismo	9
6. Faltas de puntualidade	9
7. Equipos docentes	9
8. Comisión de Coordinación Pedagóxica	9
9. Departamento de Orientación	9
10. Dereitos básicos do alumnado	10
11. Deberes básicos do alumnado	10
12. Condutas prexudiciais e a súa corrección	10
13. Circunstancias paliativas e agravantes	11
14. Condutas gravemente prexudiciais ás normas de convivencia e a súa corrección	11
15. Condutas leves contrarias ás normas de convivencia e a súa corrección	12
16. Potestade e responsabilidade sancionadora	13
17. Prevención do acoso escolar	13
18. Normas de bo uso e mantemento da aula	13
19. Normas sobre as entradas	14
20. Normas sobre as saídas	14
21. Normas sobre os recreos	15
22. Normas sobre o comportamento nas distintas dependencias	16
23. Normas sobre a coeducación	16
24. Normas sobre o uso de aulas común	16
25. Normas sobre o tabaco nas dependencias do centro	16

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO – CEIP DE AGOLADA

26. Uso do teléfono móbil	16
27. Normas sobre os aseos	16
28. Normas sobre actividades extraescolares e complementarias	16
Capítulo 4. Canles de coordinación entre os órganos de goberno: titores/as, Comisión de Coordinación Pedagóxica, equipo de dinamización da lingua galega e equipo de actividades complementarias e extraescolares	17
Capítulo 5. Deseño procedemental das sesións de avaliación	17
Capítulo 6. Organización e reparto de responsabilidades non definidas na normativa vixente	17
Capítulo 7. Funcionamento dos servizos educativos e complementarios do centro	18
Capítulo 8. Emerxencias	21
Capítulo 9. Disposicións finais	21
ADDENDAS:	
ADDENDA 1 – Anexos de modelos documentais de absentismo escolar.	22
ADDENDA 2 – Procedemento corrector de condutas contrarias ás normas de convivencia.	33
ADDENDA 3 – Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.	82

PREÁMBULO

Tendo en conta os principios sobre os que se fundamenta o sistema educativo, o obxectivo primeiro e fundamental da educación é proporcionar aos nenos e nenas unha formación plena que lles permita formar a súa propia identidade e construír unha concepción da realidade que integre á vez o coñecemento e a valoración ética e moral desta realidade, polo cal, o labor do centro educativo é o de favorecer o desenvolvemento do/a alumno/a de xeito crítico nunha sociedade libre, tolerante e solidaria.

Os criterios sobre os que debe basearse a convivencia escolar son:

- Respecto mutuo
- Autoestima
- Xustiza
- Solidariedade

É misión de todos (profesorado, alumnado, nais/pais e persoal non docente) velar por estes valores e para lograr este grao de convivencia escolar, establecemos as normas de organización e funcionamento plasmadas no presente documento.

Capítulo 1. Introducción

As Normas de Organización e Funcionamento, de acordo co artigo 18 do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, trátase dun documento institucional independente, fundamentado no PE, pois segue as súas liñas xerais. Estas Normas teñen por obxecto facilitar a convivencia no Centro e garantir a calidade do ensino. Coa intención de que este documento sexa de fácil aplicación evitárase, no posible, a repetición de normas recollidas na lexislación.

Art.1.1. Estas Normas seguen os principios e fins establecidos no Art. 3 do Decreto 8/2015 e son de obrigado cumprimento para todos os membros da comunidade educativa: profesorado, alumnado, pais/nais e persoal non docente do CEIP de Agolada.

Art.1.2. Estas Normas poderán ser modificadas a petición do equipo directivo do centro ou da maioría de calquera dos colectivos aos que afecta, petición que se realizará ante o Consello Escolar, e que deberá aprobala por maioría absoluta dos seus membros.

Art.1.3. O profesorado e o persoal non docente exercerá as súas funcións de conformidade co establecido na lexislación vixente e coas normas que, conforme á lei, se desenvolvan dentro do CEIP de Agolada.

Art.1.4. Os dereitos e deberes do alumnado están recollidos na lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro polo que se desenvolve a citada lei. O profesorado do CEIP de Agolada procurará que o alumnado coñeza e cumpra cos seus deberes e coñeza e exerza os seus dereitos.

Art.1.5. Os pais, nais e persoas titoras de alumnos/as poderán canalizar as súas propostas e inquiredanzas a través dos seus representantes no Consello Escolar e, directamente, polos medios que o Centro poña á súa disposición:

- Reunións co profesor/a titor/a
- Dirección do Centro
- A través do correo electrónico do centro: ceip.agolada@edu.xunta.es

Art.1.6. Os pais, nais e persoas titoras legais dos alumnos/as poderán coñecer as presentes Normas e deberán colaborar no seu cumprimento.

Capítulo 2. Organización práctica de todos os membros da comunidade educativa

Art. 2.1. Órganos de goberno. De acordo co Título V, artigos 131 a 139 da LOE, o equipo directivo traballará de forma coordinada impulsando as actividades do centro e as iniciativas particulares, procurando involucrar a todos os estamentos implicados na boa marcha escolar. O equipo directivo reunirse conxuntamente como mínimo unha hora semanal para favorecer a coordinación das funcións que lle son propias.

Art. 2.2. Órganos Colexiados

a) **Consello Escolar:** Estrutura, composición e competencias reflectidas no Título V, artigos 126 e 127 da LOE; modificado polo punto oitenta da LOMCE que modifica o art 127 da LOE. Reunirse unha vez ao trimestre para facer un seguimento da PXA, así como propoñer as medidas oportunas para a súa realización. Adoptarán así mesmo as funcións reguladas no art 5 do Decreto 8/2015.. No seo do Consello Escolar funcionarán as seguintes comisións:

- **Xunta Económica** (Art. 44 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro. Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de primaria).
- **Comisión da Biblioteca Escolar** (Orde do 26 de abril de 2012, pola que se convoca o Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares en centros públicos non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares)
- **Comisión de Servizo de Comedor Escolar** (Art.11, punto 3 da Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar nos centros docentes públicos non universitarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria)
- **Comisión de Convivencia Escolar** Lei 4/2011, do 30 de xuño de Convivencia e participación da comunidade educativa Art 6 do Decreto 8/2015, do 27 de xaneiro.

- b) **O Claustro de profesores:** Título V, artigos 128 e 129 da LOE. Dereitos e deberes do profesorado reflectidos no Artigo 8 da Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa e outras funcións no art 7 do Decreto 8/2015 do 27 de xaneiro.
- c) **Equipo Directivo:** Art 8 do Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro.

Art. 2.3. Outros membros da Comunidade Educativa

- a) **Alumnado,** os seus dereitos e deberes especificanse no artigo 7 da Lei 4/2011, do 30 de xuño de convivencia e participación da comunidade educativa.
- b) **Pais/Nais de alumnos/as.** Orde do 16 de xaneiro de 1987 (DOG 22-1-87) e Decreto 374/96, do 17 de outubro (DOG 21-10-96), para educación Infantil e primaria. Os dereitos e deberes están reflectidos no Artigo 6 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa
- c) **Persoal non docente.** Regulamentado no Capítulo X da Orde do 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. Dereitos e deberes reflectidos no Artigo 9 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
 - I. **Persoal de conserxería:** As súas funcións son:
 - i. Custodiar as chaves do centro. Abrir e pechar as portas do colexio tanto na entrada como na saída do alumnado. Acendido, apagado da calefacción, luces e aparellos eléctricos. Vixiar que as ventás queden pechadas.
 - ii. Realizar pequenos amaños de mantemento dos edificios do Centro. Traslado de obxectos dentro do recinto escolar.
 - iii. Manexo do material reprográfico. Recollida e traslado da correspondencia diaria.
 - iv. Control da entrada das persoas alleas ao Centro, recibindo as súas peticións e indicándolle o lugar onde deben dirixirse.
 - v. Calquera outra función relacionada co centro que lle sexa encomendada pola Dirección.
 - II. **Persoal de Cociña:** Funcións da Persoal Oficial de Cociña
 - i. A preparación e elaboración dos alimentos segundo o menú correspondente coidando da súa presentación e servizo nas debidas condicións.
 - ii. Coordinar, organizar e vixiar os labores encomendados ao persoal adscrito á cociña.
 - iii. Adoptar aquelas medidas de hixiene necesarias, tanto na transformación culinaria como na distribución.
 - iv. Organizar e supervisar os servizos da despensa, almacén, coidado das perfectas condicións das mesma e dos víveres nelas depositados.
 - v. Controlar o acceso ás dependencias e instalacións da cociña de toda persoa allea á mesma, salvo que presente a autorización correspondente.

- vi. Vixiar e coordinar o mantemento en perfectas condicións de limpeza o bo funcionamento das maquinarias, dependencias, instalacións e utensilios do local e dos elementos de cociña.
- vii. Colaborar na preparación das mesas e cubrir os estadillos de control que se lle faciliten.

Funcións do **persoal axudante de cociña**

- viii. Coordinarse coa persoa oficial de cociña, de quen recibe instrucións precisas, e axudala nas súas funcións.
- ix. Atender a limpeza, mantemento e funcionamento da maquinaria, utensilios enxoval de mesa e dependencias da cociña.
- x. Atender a limpeza do comedor e colaborar na preparación das mesas.

III. Persoal Coidador

- i. Recibir ao alumnado á chegada ao centro. Distribución polas distintas aulas e nos cambios de aula durante toda a xornada.
- ii. Aseo e control de esfínteres do alumnado discapacitado.
- iii. Guía polo centro do alumnado con discapacidade visual. Vixilancia e supervisión continua durante a súa estancia no centro.
- iv. Acompañamento, permanencia e axuda nas actividades nas aulas de Educación Física e Música do alumnado con discapacidade..
- v. Atención individualizada durante o comedor escolar do alumnado con discapacidade.
- vi. Atención individualizada ao alumnado discapacitado en ausencia do titor/a ou profesor/a especialista
- vii. Atención diaria nas gardas de patio aos alumnos con discapacidade.
- viii. Acompañamento en saídas e excursións ata o punto do recollida por parte das familias.
- ix. Atención diaria do control de glucemia alumnado diabético. Comunicación coa nai/pai ou titor/a se fose preciso.

Art 2.4 Horario xeral do Centro: O horario permanecerá exposto permanecerá exposto permanentemente no taboleiro de anuncios do centro.

- I. O persoal do centro, docente e non docente, non será responsable da permanencia de persoas no centro ou nas súas instalacións en horario non lectivo.
- II. O reloxo do centro será considerado oficial para as entradas e saídas de profesorado e alumnado.
- III. O horario de secretaría será comunicado ás familias no tríptico informativo de principio de cada curso.

Capítulo 3. Normas de convivencia:

Art. 3.1. Profesorado: A súa adscrición funcional, horarios, puntualidade e funcións están recollidas no capítulo V do Anexo do Regulamento Orgánico das escolas de Educación Infantil e Primaria e no Título III, Capítulo V, artigos 80 e 81 do devandito Regulamento. Así mesmo terase en conta o reflectido na Orde de 23 de xuño de 2011 pola que se regula a xornada de traballo do persoal funcionario e laboral docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e na Orde do

4 de xuño de 2012 que modifica o art4 da orde do 23 de xuño de 2011 e capítulo IV do Título VI da lei 2/2015 do 29 de abril. As Ausencias ao posto de traballo reflíctense na Orde do 7 de abril de 2008 (DOG do 23 de abril) pola que se regula o réxime de permisos e licenzas do persoal docente que imparte as ensinanzas reguladas pola LOMCE e a lei 2/2015.

Art. 3.2. Concreción curricular. As Programacións docentes serán elaboradas polos órganos de coordinación docente que corresponda seguindo as directrices e recomendacións da Inspección Educativa. O Equipo de Coordinación Pedagóxica velará polo cumprimento e posterior avaliación das Programacións docentes.

Art. 3.3. O profesorado na práctica docente diaria deberá aterse ás presentes normas de organización para un bo uso e mantemento das aulas. O derradeiro mestre que imparta clase nunha aula, deberá coidar de que o alumnado deixe as cadeiras ordenadas e que as fiestras queden pechadas e as luces apagadas, antes de irse. Así mesmo deberá elaborar as programacións oportunas colaborando cos titores no Plan de Acción Titorial e orientar aos alumnos e alumnas mediante as actividades propias do proceso de aprendizaxe e de todas as programadas nas Programacións Didácticas de Centro creando un clima de diálogo mediante a acollida, o respecto e o trato correcto cara aos alumnos.

Art. 3.4. O profesorado titor son responsables de velar pola aplicación das Programacións Didácticas na acción docente e educativa dirixida ao grupo de alumnos/as. Teñen a misión de atender á formación integral de cada un dos discentes e seguir o seu proceso de aprendizaxe e maduración persoal.

Art.3.5. O control do absentismo é requisito indispensable para conseguir unha educación inclusiva polo que todo o profesorado ten a obriga de colaborar na diminución do absentismo escolar anotando a correspondente falta e comunicándolla ao titor. Así mesmo analizarase o absentismo de cada grupo na sesión de avaliación pertinente.
ADDENDA 1.

Art. 3.6 Faltas de puntualidade. O profesorado e alumnado acudirá con puntualidade a clase. Considerarase falta de puntualidade un retraso igual ou superior a 10 minutos respecto ao horario de entrada. De ser reiterada esta conduta por parte do alumnado será analizada na sesión de avaliación correspondente a fin de adoptar as medidas oportunas.

Art. 3.7. Os equipos docentes están constituídos por todo o profesorado que imparte docencia ao alumnado do mesmo grupo e estarán coordinados polos respectivos titores. As súas funcións están reflectidas no Capítulo VI punto 1 da Orde do 22 de xullo de 1997.

Art. 3.8. A Comisión de Coordinación Pedagóxica: É o órgano asesor e de coordinación do Director no referente ao aspecto pedagóxico do Centro. A súa finalidade é a de responsabilizarse co director da tarefa educativa do colexio. As súas competencias figuran no Capítulo II, artigos 61 e 62 do Regulamento Orgánico das Escolas de Infantil e Primaria (Decreto 374/1996, do 17 de outubro).

Art. 3.9. O Departamento de Orientación. É un órgano que outorga calidade á ensinanza nun centro educativo. A orientación escolar implica unha permanente acción de axuda cara a todos os elementos da Comunidade Educativa e da Institución Escolar de acordo coa Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no Decreto 120/1998 do 23 de abril e na

Orde do 24 de xullo de 1998 e outras orde específicas así como as instrucións pertinentes das Direccións Xerais de cada curso.

Art. 3.10. Dereitos básicos do alumnado: Recoñécense ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación.

1. *A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.*
2. *A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.*
3. *Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.*
4. *A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no capítulo IV da lei 4/2011, do 30 de xuño.*
5. *A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.*

Art. 3.11. Deberes básicos do alumnado: Recoñécense ao alumnado os seguintes deberes básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación.

1. *Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros/as á educación.*
2. *Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa no centro.*
3. *Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.*
4. *Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.*
5. *Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.*
6. *Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.*
7. *Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.*
8. *Asistir a clase con puntualidade e co material necesario.*

Art. 3. 12. Condutas prexudiciais e a súa corrección: Na corrección dos alumnos/as que alteren a convivencia, incorrendo en condutas contrarias ás normas de convivencia ou gravemente prexudiciais para a convivencia, teranse en conta os seguintes criterios:

- a. A idade, situación persoal, familiar e social do alumno.
- b. A valoración educativa da alteración.
- c. Carácter educativo e recuperador, non meramente sancionador, da corrección.
- d. A proporcionalidade da corrección.

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO – CEIP DE AGOLADA

e. A forma na que a alteración afecta aos obxectivos fundamentais do Proxecto Educativo e á Programación Xeral Anual.

Art. 3. 13. En ningún caso, o procedemento de corrección poderá afectar ao dereito á intimidade e dignidade do alumno/a e deberá atenderse, en todo caso, a unha gradación obxectiva referente ás circunstancias singulares ao aplicar a corrección.

Deste xeito, son **circunstancias paliativas**:

1. Recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta.
2. A falta de intencionalidade.
3. A observancia dunha conduta habitual positivamente favorecedora da convivencia.
4. Aqueloutras que estableza a lexislación vixente.

Son **circunstancias agravantes**:

1. A premeditación e a reiteración.
2. Causar dano, inxuria ou ofensa aos compañeiros de menor idade ou aos recién incorporados ao Centro.
3. Calquera acto que entrañe ou fomente a violencia de xénero, a discriminación, o racismo, a xenofobia ou o menoscabo dos principios reflectidos no Proxecto de Centro.
4. Aquelas outras que estableza a lexislación vixente.

Todas as medidas correctoras aplicaranse previa información ás familias e de acordo ao procedemento e modelos normalizados da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da ADDENDA 2.

Art.3. 14. Condutas gravemente prexudiciais ás normas de convivencia e as medidas correctoras:

Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia	Medidas correctoras
a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa	Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro. Castigo sen recreo.
b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.	Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro programadas para o presente curso
c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e servizos que constitúan unha indisciplina grave	Cambio de aula co profesor/a de garda
d) A gravación, manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa	Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO – CEIP DE AGOLADA

	no proceso formativo.
e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño.	Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo
f) A suplantación de personalidade en actos da vida docentes e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.	Cambio de centro
g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa e de terceiros, así como a súa subtracción.	Reparación, reposición ou pago dos desperfectos efectuados. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar	Cambio de aula co profesor/a de garda. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro programadas para o presente curso
i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro, ou a incitación a elas.	Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo
j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou a integridade3 persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou a negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando se é requirido para iso polo profesorado	Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.	Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro programadas para o presente curso
l) O incumprimento das sancións impostas	Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo

Art. 3. 15. Condutas leves contrarias ás normas de convivencia e as medidas correctoras

Condutas leves contrarias á convivencia	Medidas correctoras
a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas nas alínea i) das condutas gravemente prexudiciais que non alcancen a gravidade requirida no	Amoestación privada ou por escrito. Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro. Castigo sen recreo.

NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO – CEIP DE AGOLADA

devandito precepto	
b) Portar calquera obxecto, sustancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro perigoso para a saúde ou a integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) das condutas gravemente prexudiciais.	Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos. Retirada dos obxectos que deberá ser recollido pola nai, pai ou titor/a legal do alumno/a e castigo sen recreo.
c) A inasistencia inustificada a clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia dos centros.	Informar ás familias.
d) A reiterada asistencia ao centro sen material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases	Informe ás familias.
e) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia do centro	Comparecencia ante a Xefatura de Estudos e castigo sen recreo.

Art. 3.16. Potestade e responsabilidade sancionadora. O Centro establece unha serie de Normas de Convivencia que pretenden definir un ambiente de relación e traballo entre os distintos membros da Comunidade Educativa. É tarefa de todo o profesorado velar polo seu cumprimento, aínda que a responsabilidade e potestade para efectuar as diferentes actuacións sancionadoras e preventivas, recae na figura do profesor, titor, Xefe/a de Estudos ou o director/a de acordo coa lexislación vixente.

Art. 3.17. No referido a prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso seguirase o protocolo editado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de outubro de 2015 (ADDENDA 3).

Art.3.18. Normas para o bo uso e mantemento da aula

- a) Entre unha hora de clase e a seguinte ningún discente poderá saír aos corredores e/ou obstruír a porta de entrada á aula, como norma xeral.
- b) Faranse filas á hora de saír da aula e baixarán en ringleira ordenada pola escaleira.
- c) Durante os recreos non debe quedarse ninguén nas clases nin nos corredores. No caso de ser necesario, o mestre que outorgue dito permiso o acompañará mentres dure esta estancia.
- d) Cando un grupo de alumnos saia da aula, procurarase que non molesten aos compañeiros ao pasar por diante doutras aulas. O/A mestre/a correspondente debe acompañar a ditos alumnos tanto na saída coma no retorno.
- e) Os cambios de clase efectuaranse no momento xusto, evitando deixar as clases sen ningún profesor/a.
- f) O desprazamento fóra da aula –por necesidades do horario do grupo farase coa maior dilixencia, evitando molestar a outras clases e sen aglomerarse nos corredores.
- g) Informarase con prontitude, á Dirección, de calquera desperfecto ou carencia que se perciba na aula.

- h) Empregar a papeleira da aula e evitar que os papeis e calquera outro tipo de desperdicios vaian ao chan. Insistiremos neste aspecto pola boa imaxe da aula.
- i) Ao rematar a xornada de clases poñerase especial coidado no cumprimento dos seguintes detalles:
 - As fiestras da aula quedarán pechadas.
 - As luces quedarán apagadas e as estufas –no seu caso- desconectadas.
 - O mobiliario quedará ordenado e as cadeiras colocadas para facilitar o servizo de limpeza.
 - Os mestres quedan encargados de facer cumprir estas normas educativas para o mellor desenvolvemento da xornada escolar, dun xeito especial, aqueles mestres que teñan a derradeira hora de clase.

Art.3.19. Normas sobre as entradas

- a) Os alumnos/as deberán chegar ao colexio con puntualidade, cando soe a sirena colocaranse en filas por cursos para acceder ás aulas; entrando ordenadamente, sen correr nin dar berros.
- b) Os alumnos/as que cheguen tarde deberán presentar un xustificante dos pais ou titores que explique a causa do retraso. De vir acompañados polos pais ou titores estes aclararán ao conserxe ou profesor/a a causa do retraso.
- c) Durante a xornada lectiva o centro permanecerá pechado.
- d) Ninguén poderá saír ou entrar a el se non está autorizado polo Director/a ou a Xefe/a de Estudos.
- e) Ninguén alleo ao Centro pode permanecer inxustificadamente nas súas instalacións, salvo cando teña que entrevistarse cun mestre, titor ou algún dos cargos directivos do Centro, ou nos períodos de adaptación establecidos para o novo alumnado.(Orde do 22 de xullo de 1997, DOGA 2-9-97, Capítulo III Punto 8.2.).
- f) O horario de acceso ao colexio por parte do alumnado bolseiro de transporte, terá lugar dez minutos antes da hora prefixada de comezo das clases.
- g) Se un alumno non fai uso do transporte escolar poderá acceder ao recinto dez minutos antes do inicio das actividades lectivas coincidindo coa chegada do primeiro autobús.
- h) O conserxe situarase no portalón de entrada 10 minutos antes do inicio das clases, o profesorado de garda vivirá durante este período aos alumnos/as no patio.

Art.3.20. Normas sobre as saídas

- a) Efectuaranse de xeito ordenado e despois de que toque a sirena.
- b) Ningún alumno/a poderá abandonar o Centro en tempo lectivo se non é acompañado por un adulto coa autorización do profesor titor e despois de asinar no libro de saídas do alumnado.
- c) Os alumnos/as que non pertencen aos servizos de comedor e transporte deberán abandonar o Centro ao remataren as clases acompañados polo pai/nai ou persoa

titora de alumno/a ou persoa autorizada ao efecto, ata o comezo, se é o caso, das actividades extraescolares.

- d) Para facilitar a organización ordenada das saídas, os alumnos/as de E.I. realizarana cinco minutos antes que o resto do alumnado.
- e) Se un alumno/a non usa o servizo de comedor deberá abandonar o recinto escolar neste tempo e non pode entrar no mesmo ata 5 minutos antes da hora de entrada á clase, sendo responsabilidade das familias calquera incidencia derivada do incumprimento desta norma.
- f) Se un alumno/a usuario de comedor non fai uso deste servizo de forma excepcional deberá ser recollido por unha persoa autorizada e asinar no libro de saídas do alumnado.
- g) A non utilización do transporte correspondente terá que ser comunicada ao acompañante, ao conserxe ou á dirección

Art.3.21. Normas sobre os recreos

Debido á responsabilidade que ten o Centro sobre o alumnado dentro do horario escolar, convén establecer o seguinte protocolo de actuación:

- a) Durante o recreo o alumnado non poderá permanecer nas aulas nin nos corredores, salvo co permiso pertinente do profesorado de garda quen será o responsable das condutas prexudiciais para a convivencia provocadas por dita continxencia.
- b) Todos os profesores e, de xeito concreto os de garda, responsabilizaranse de que o alumnado estea convenientemente vixiado para prever condutas contrarias ou gravemente prexudiciais para a convivencia.
- c) Se algún mestre de garda, por algún motivo puntual, tivese que ausentarse do patio durante o horario de recreo, deberá comunicalo ao Director ou á Xefa de Estudos.
- d) Calquera problema que haxa no recreo, poñerase en coñecemento dos profesores de garda de patio.
- e) Nos recreos os/as nenos/as deberán utilizar os aseos da planta baixa.
- f) As saídas e entradas efectuaranse de xeito ordenado.
- g) O profesorado de garda comunicará ao Equipo Directivo calquera incidencia que ocorra no patio.
- h) A/O Xefe/a de Estudos cumprimentará o libro de incidencias en caso de se produciren.
- i) Os alumnos/as non poderán: Practicar xogos violentos nin perigosos. Discutir iradamente ou pelexar. Colgarse das canastras. Saír do recinto escolar. Tirar papeis ou outros desperdicios no chan. O alumnado de Educación Primaria non poderá usar o parque infantil por non estar adaptado á súa idade. No patio principal non se poderá xogar ao fútbol xa que é compartido por alumnado de distintas idades. Nos soportais non está permitido xogar con pelotas.

Art.3.22. Normas sobre o comportamento nas distintas dependencias

- a) No, ximnasio, aula de música, aula de informática, aula de audiovisuais e pavillón, os alumnos deberán estar sempre acompañados por un mestre/a.
- b) A ludoteca e a biblioteca estarán xestionadas polos alumnos/as responsables por quendas.
- c) Despois de ser utilizadas estas dependencias deberán quedar limpas e ordenadas.
- d) A súa utilización deberá ser regulada ao principio do curso.
- e) As aulas e maila súa moblaxe deben ser respectadas e conservadas limpas durante todo o curso.
- f) Os alumnos/as que individual ou colectivamente causen danos de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións do Centro ou ao seu material, quedan obrigados a reparar o dano causado ou facerse cargo do custo económico da súa reparación. Igualmente, os alumnos que subtraesen bens do Centro deberán restituír o subtraído. En todo caso, os pais ou representantes legais dos alumnos serán responsables civís nos termos previstos nas leis.
- g) Os alumnos/as deberán utilizar correctamente os servizos: non atascar os váteres, non xogar coa auga, non desperdiciar papel...

Art.3.23. En aplicación da lei 7/2004 do 16 de xullo o CEIP de AGOLADA deberá proporcionar tanto as alumnas como aos alumnos unha **educación para a igualdade entre homes e mulleres**. Potenciarase a figura da persoa do Consello Escolar encargada da coeducación e, os/as titores non permitirán ningún comportamento sexista aplicando, cando teña lugar, a correspondente medida coercitiva.

Así mesmo, en aplicación do establecido na Lei 2/2014, do 14 de abril, **pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia** garantírase o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero para estas persoas no ámbito educativo.

Art.3.24. Normas sobre o uso das salas comúns. Non se establece un horario predefinido por clases ou ciclos, a anotación no taboleiro da sala de profesorado será preceptiva e terá carácter preferente.

Art.3.25. Normas sobre o consumo de tabaco nas dependencias do centro: A lexislación vixente regula a prohibición absoluta de consumo de tabaco en todas as instalacións dos Centros Educativos para preservar e protexer a saúde da poboación escolar polo que todos os compoñentes da Comunidade Educativa teñen o estrito deber de cumprir a normativa vixente.

Arr.3.26. Uso de teléfonos móbiles. Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismos de comunicación durante os períodos lectivos.

Art. 3.27. Os **aseos** non son lugares de reunión. A súa limpeza e bo estado é responsabilidade de todos e todas

Art. 3.28. Dadas as especiais características das **actividades extraescolares e complementarias** a participación do alumnado estará condicionada á actitude amosada ao longo do curso polo

alumno ou alumna e poderá ser determinante para a súa exclusión das referidas actividades. Asemade se durante o desenvolvemento dunha actividade un alumno ou alumna se comportase de forma inadecuada será excluído das demais actividades a realizar a partir dese momento.

Capítulo 4. Canles de coordinación entre os órganos de goberno: titores/as, equipo de dinamización da lingua galega e equipo de actividades complementarias e extraescolares

Art. 4.1. Os/as titores/as expoñerán a súa problemática nas reunións de curso e posteriormente coordinaranse todos nas reunións da Comisión Pedagóxica, ou directamente coa Xefatura de Estudos ou coa Dirección.

Art. 4.2. Todas as actividades de Dinamización da Lingua Galega relativas ás conmemoracións planifícanse e levananse a cabo coordinadamente co Equipo de Actividades Extraescolares e Complementarias.

Art. 4.3. As reunións, de curso, EDLG, así como de Comisión Pedagóxica, terán carácter mensual. O Equipo de Actividades Extraescolares e Complementaria reunirase seguindo a alínea 4.3 punto 4 do Capítulo VI da Orde do 22 de xullo de 1997 (DOG do 2 de setembro).

Capítulo 5. Deseño procedemental das sesións de avaliación

Art. 5.1. A tarefa educativa seguirá as indicacións reflectidas no Capítulo II do Decreto 105/2014, do 4 de setembro polo que se establece o currículo de Educación Primaria en Galicia e na Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a *avaliación* do segundo ciclo da *educación infantil*.

Art. 5.2. Previamente á emisión dos tres informes de avaliación reunirase o Equipo Educativo de cada grupo de alumnos/as para realizar a pertinente xunta de avaliación. A sesión será presidida polo titor/a correspondente que levantará acta da mesma no libro de avaliacións.

Art. 5.3. A fin de conseguir unha mellora na calidade das aprendizaxes do alumnado e a adquisición das competencias básicas procederase á avaliación da práctica docente a fin de verificar o nivel de coordinación e a detección de dificultade e problemas que deberán ser reconducidos. Para iso é desexable a participación do profesorado en actividades de formación e innovación educativa.

Capítulo 6. Organización e reparto de responsabilidades non definidas na normativa vixente

Art. 6.1. Organizaranse quendas de recreo e vixilancia de transporte na proporción que ordene a normativa vixente, sendo responsabilidade do profesorado de garda a custodia deses alumnos/as.

Art. 6.2. Os responsables das quendas de recreo serán os encargados da vixilancia dos alumnos/as na entrada ao centro dos mesmos.

Art. 6.3. Desde o momento do toque de sirena serán responsabilidade de cada mestre os alumnos/as que lle correspondan segundo o horario escolar. Ditos mestres serán os encargados de desaloxar a aula e de que os alumnos/as saian ordenadamente ante calquera situación habitual ou extraordinaria.

Art. 6.4. Cando un profesor teña que substituír, procurará facelo coa maior dilixencia posíbel a fin de que os alumnos/as estean debidamente atendidos. As substitucións serán asignadas conforme ao horario disposto a tal fin.

Capítulo 7. Funcionamento dos servizos educativos do centro

Art. 7.1. A principio de cada curso regularase a utilización e horarios de biblioteca, aula de informática, sala de audiovisuais e ludoteca.

Art. 7.2. O profesorado deberá seguir as normas de conservación e uso de material e o horario.

Art. 7.3. Calquera emprego de instalacións fóra do horario previsto, será consultada á Xefatura de Estudos.

Art. 7.4. Funcionamento da biblioteca (de acordo coas instrucións da Dirección Xeral de Centros e RR.HH. en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares nos centros de niveis non universitarios de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e O. U.)

- a) Os alumnos e alumnas de 5º e 6º de Educación Primaria serán os encargados de facer os préstamos baixo a supervisión dalgún dos mestres do Equipo de Biblioteca.
- b) Cada curso disporá dunha hora semanal para o uso da Biblioteca.
- c) Cando un mestre colla libros para a súa aula, deberá facelo a través do responsable da biblioteca, sendo preciso que para o mesmo se utilice o programa Meiga.
- d) Na biblioteca gardarase silencio ou procurarse non alzar a voz cando se traballa en grupo.
- e) Hai que andar a modiño
- f) Entrarase sen comida e sen bebida
- g) Serán obxecto de préstamo todos os fondos existentes catalogados a excepción das enciclopedias, dicionarios ... e aqueles libros que se estime oportuno por causa xustificada.
- h) Cada alumno/a só poderá ter un libro prestado.
- i) A duración máxima do préstamo será de 15 días coa posibilidade de amplialo unha semana.
- j) É condición indispensable para retirar un libro a presentación do carné da Biblioteca.
- k) O deterioro, rotura ou perda dos libros, dos libros dixitais e do material informático e audiovisual obriga aos usuarios do préstamo e/ou uso á reparación, reposición ou pago dos mesmos.
- l) Os libros depositaranse no caixón de devolucións.

Art. 7.5. Funcionamento da ludoteca

- a) Respetar o horario de entrada e de saída da ludoteca. O Horario será o mesmo que o do recreo

- b) Os nenos e nenas de 5º e 6º de Educación Primaria serán os encargados e axudantes da ludoteca. Encargaranse de entregar o material necesario para os xogos de mesa e o recuncho de debuxo e de colocalo ao final da xornada nos estantes e colaborarán para que todos os que utilicen a ludoteca coñezan e cumpran as normas.
- c) Facer uso correcto das instalacións e do material dispoñible, non saíndo nunca da ludoteca sen recoller o material empregado e sen entregalo aos axudantes para que o coloquen no seu sitio.
- d) Respetar o xogo dos compañeiros/as sen molestar aos demais convertendo así a ludoteca nun lugar de ocio, de lecer e non de confrontamentos. Non berrar, nin insultar, utilizar un vocabulario axeitado e non correr pola aula. Saber gañar e perder.
- e) Non se poderá comer no recinto da ludoteca salvo en casos programados polos responsables da mesma.
- f) Nas mesas de xogo nunca poderá haber máis de 6 nenos/as en cada unha.
- g) No recuncho do tenis de mesa poderán xogar os nenos e nenas de 3º, 4º, 5º e 6º-, en partidos individuais ou por parellas. Partidos dun so set, no que gañará o xogador que antes acade os 10 puntos.
- h) No recuncho do debuxo non se poderá coller máis dun folio por día, sendo este empregado na súa totalidade –os máis pequenos utilizarán medio folio-.
- i) Os xogos son de todos/as, se os coidamos poderemos xogar máis e mellor. Se algún neno/a rompe algún material por usalo incorrectamente deberá traer outro de similares características.
- j) Cando un neno/a incumpra algunha das normas será sancionado e realizará un traballo a determinar na ludoteca se a infracción é leve ou adoptaranse as medidas que se consideren oportunas se a infracción é grave.

Segundo o establecido no artigo 37 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, a non comparecencia sen causa xustificada das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección. As audiencias e comparecencias das nais e pais ou das titoras ou titores legais do alumnado menor de idade nos procedementos relativos á corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia son obrigatorias para elas e eles, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

Todas as persoas participantes no proceso de instrución quedan obrigadas polo deber de sixelo e a salvagarda da intimidade e honra das persoas implicadas, con especial mención aos/ás menores de idade, sendo de aplicación o establecido no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

(Lugar), de de

O/A director/a

(Nome e apelidos)

ACTA AUDIENCIA ACTUACIÓN COMPLEMENTARIAS
PROCEDIMIENTO CORRECTOR INCOADO CON DATA de de

Datos da comparecencia:

Comparecente/s: (Relación de comparecentes, como mínimo o/a presunto/a infractor/a e as súas persoas proxenitoras, se proceden)

Día: de de , de horas a horas.

Lugar: .

Documentos que conforman o expediente:

- Incoación do procedemento corrector
-
-
- ...
- Proposta de resolución da persoa instrutora.
- Nova documentación e actas de entrevistas complementarias (desglosar).
- Proposta de nova resolución da dirección do centro.

Alegacións formuladas:

(Indicar quen fai que alegacións)

- 1.
- 2.
3. ...

ANEXOS

(Indicar cando se xunte documentación complementaria aportada polos comparecentes)

(Lugar), de de

O/A director/a

(Nome e apelidos)

Os/As comparecentes

(Nome e apelidos)

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DO (nome do centro)

PROCEDIMENTO CORRECTOR INCOADO CON DATA de de

FEITOS PROBADOS E CIRCUNSTANCIAS QUE REDUZAN OU ACENTÚEN A RESPONSABILIDADE

1. (Breve explicación dos feitos que motivaron a determinación da conduta contraria á convivencia, con indicación expresa do nome e apelidos do/a alumno/a a quen corresponde o expediente).

2. (Indicación das circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade).

3. Considérase esta conduta ou omisión constitutiva dunha conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consistente en:

(marcar o que proceda)

a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.

f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.

h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

De acordo co establecido no artigo 38 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

MEDIDAS CORRECTORAS E REPARADORAS

Segundo se establece no artigo 39 do antedito decreto, imponse a seguinte ou seguintes medidas correctoras:

[marcar o que proceda]

- a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.
- b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes.
- c) Cambio de grupo.
- d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- f) Cambio de centro.

Polo tanto as medidas correctoras e reparadoras concréntanse en:

(Pormenorizar a concreción da medida ou medidas propostas, con indicación das medidas reparadoras que puidesen corresponder).

ESTA PROPOSTA ASUME/MODIFICA (indicar o que proceda) A PROPOSTA FEITA POLA PERSOA INSTRUTORA (nome e apelidos), no seu escrito de data de de incluído no expediente.

(EN CASO DE MODIFICACIÓN DOS FEITOS PROBADOS OU DAS MEDIDAS CORRECTORAS, FAGA CONSTAR AS CIRCUNTANCIAS QUE O XUSTIFICAN)

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Os artigos 38 e 39 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, establece cales son as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e as medidas correctoras aplicables.
2. De acordo co establecido no artigo 34 do Decreto 8/2015, para a gradación das medidas correctoras terase en conta especialmente o recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, no seu caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
3. O artigo 35 do citado decreto establece que o alumno está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais haberá de repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que imponha a corrección da conduta.

O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

4. A dirección do centro é o órgano unipersoal para resolver o expediente e impoñer as medidas correctoras que puidesen proceder, segundo o establecido no artigo 54 do Decreto 8/2015, para o cal disporá dun prazo de doce días lectivos, de acordo co artigo 37 do citado decreto. Así mesmo,

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Considerar como probados os feitos constatados na presente resolución.
2. Impoñer as medidas correctoras manifestadas no apartado “MEDIDAS CORRECTORAS E REPARADORAS” desta resolución.

Mediante este documento notificaselle a (nai/pai/titor/a legal do/a alumno/a ou o propio alumno/a no caso de ser maior de idade ou análoga situación), e á xefatura territorial, esta resolución, segundo o esixido no artigo 54 do Decreto 8/2015.

De acordo co establecido no artigo 54.3 do Decreto 8/2015, as correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación ás condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar a instancia das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es, de acordo ao establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica 2/2006, para os centros públicos e o artigo 57.d) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito a educación para os centros concertados.

A medida será inmediatamente executiva e esgota a vía administrativa. Contra a mesma poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes, segundo o previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, ou ben acudir ao órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

(Lugar), de de

O/A director/a

(Nome e apelidos)

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DO (nome do centro)
PROCEDIMENTO CORRECTOR INCOADO CON DATA de de

FEITOS PROBADOS E CIRCUNSTANCIAS QUE REDUZAN OU ACENTÚEN A RESPONSABILIDADE

1. (Breve explicación dos feitos que motivaron a determinación da conduta contraria á convivencia, con indicación expresa do nome e apelidos do/a alumno/a a quen corresponde o expediente).
2. (Indicación das circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade).
3. Considérase esta conduta ou omisión constitutiva dunha conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consistente en:

(marcar o que proceda)

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

De acordo co establecido no artigo 38 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

MEDIDAS CORRECTORAS E REPARADORAS

Segundo se establece no artigo 39 do antedito decreto, imponse a seguinte ou seguintes medidas correctoras:

f) Cambio de centro

ESTA PROPOSTA ASUME/MODIFICA (indicar o que proceda) A PROPOSTA FEITA POLA PERSOA INSTRUTORA (nome e apelidos), no seu escrito de data de de incluído no expediente.

(EN CASO DE MODIFICACIÓN DOS FEITOS PROBADOS OU DAS MEDIDAS CORRECTORAS, FAGA CONSTAR AS CIRCUNTANCIAS QUE O XUSTIFICAN)

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Os artigos 38 e 39 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, establece cales son as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e as medidas correctoras aplicables.

2. De acordo co establecido no artigo 34 do Decreto 8/2015, para a gradación das medidas correctoras terase en conta especialmente o recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, no seu caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.

3. O artigo 35 do citado decreto establece que o alumno está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais haberá de repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que imponha a corrección da conduta.

O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

4. A dirección do centro é o órgano unipersonal para resolver o expediente e impoñer as medidas correctoras que puidesen proceder, segundo o establecido no artigo 54 do Decreto 8/2015, para o cal disporá dun prazo de doce días lectivos, de acordo co artigo 37 do citado decreto.

5. De acordo co artigo 40 do Decreto 8/2015, a medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional e requirirá da autorización da xefatura territorial tendo en conta o informe da Inspección Educativa.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Considerar como probados os feitos constatados na presente resolución.
2. Solicitar autorización da xefatura territorial para a aplicación da medida correctora consistente no cambio de centro.
3. Considerar o presente como trámite necesario e suspender o cómputo de prazos previstos no Decreto 8/2015 ata a súa resolución.

(Lugar), de de
O/A director/a

(Nome e apelidos)

SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN DE CAMBIO DE CENTRO

O/A director/a do (nome do centro) emitiu resolución do procedemento corrector incoado con data de de na que se propón como medida correctora para o/a alumno/a (nome do/a alumno/a) o cambio de centro.

Segundo o establecido no artigo 40 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, considerouse o carácter excepcional desta media e propónse logo de comprobar que na localidade onde se sitúa o centro ou na localidade de residencia do alumno/a existe outro centro docente que imparta as ensinanzas que curse, entendendo que pode supoñer un cambio de réxime, de modalidade ou de materia.

Por todo isto, solicítase autorización á/ao xefa ou xefe territorial correspondente para que, se procede, autorice a aplicación da medida correctora de cambio de centro.

Achégase a esta solicitude copia do expediente do devandito procedemento corrector.

(Lugar), de de
O/A director/a

(Nome e apelidos)

XEFATURA TERRITORIAL EDUCACIÓN (PROVINCIA)
(datos contacto)

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DO (nome do centro)

PROCEDEMENTO CORRECTOR INCOADO CON DATA de de

1. (Breve explicación dos feitos que motivaron a determinación da conduta contraria á convivencia, con indicación expresa do nome e apelidos do/a alumno/a a quen corresponde o expediente).
2. (Indicación das circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade).
3. Considérase esta conduta ou omisión constitutiva dunha conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consistente en:

(marcar o que proceda)

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as injurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.
- i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.
- j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.
- k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.
- l) O incumprimento das sancións impostas.

De acordo co establecido no artigo 38 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

MEDIDAS CORRECTORAS E REPARADORAS

Segundo se establece no artigo 39 do antedito decreto, imponse a seguinte ou seguintes medidas correctoras:

- f) Cambio de centro

Polo tanto as medidas correctoras e reparadoras concréntanse en:

(Concretar as medidas reparadoras que puidesen corresponder)

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Os artigos 38 e 39 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, establece cales son as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e as medidas correctoras aplicables.
2. De acordo co establecido no artigo 34 do Decreto 8/2015, para a gradación das medidas correctoras terase en conta especialmente o recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, no seu caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.
3. O artigo 35 do citado decreto establece que o alumno está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e materiais dos centros, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores legais serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais haberá de repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.

O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecidos nos dous parágrafos anteriores é compatible coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

4. A dirección do centro é o órgano unipersoal para resolver o expediente e impoñer as medidas correctoras que puidesen proceder, segundo o establecido no artigo 54 do Decreto 8/2015, para o cal disporá dun prazo de doce días lectivos, de acordo co artigo 37 do citado decreto.
5. De acordo co artigo 40 do Decreto 8/2015, a medida correctora de cambio de centro terá carácter excepcional e requirirá da autorización da xefatura territorial tendo en conta o informe da Inspección Educativa.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Considerar como probados os feitos constatados na presente resolución.
2. Impoñer as medidas correctoras manifestadas no apartado “MEDIDAS CORRECTORAS E REPARADORAS” desta resolución, logo da pertinente autorización da xefatura territorial correspondente emitida con data de de e recibida con data de de .

Mediante este documento notificaselle a (nai/pai/titor/a legal do alumno/a ou o propio alumno/a no caso de ser maior de idade ou análoga situación) e á xefatura territorial, esta resolución, segundo o esixido no artigo 54 do Decreto 8/2015.

De acordo co establecido no artigo 54.3 do Decreto 8/2015, as correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación ás condutas gravemente prexudiciais para a

convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar a instancia das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es, de acordo ao establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica 2/2006, para os centros públicos e o artigo 57.d) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito a educación para os centros concertados.

A medida será inmediatamente executiva e esgota a vía administrativa. Contra a mesma poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes, segundo o previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, ou ben acudir ao órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

(Lugar), de de

O/A director/a

(Nome e apelidos)

ALEGACIONES A MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA A CONVIVENCIA DO CENTRO

(Nome e apelidos), con DNI (00000000X), e domicilio en (rúa, número), do municipio de _____, en representación do meu fillo/a/titorando/a (nome e apelidos, se procede),

EXPOÑO:

O día _____ de _____ de _____ notificouseme resolución da dirección do (nome do centro) pola que se determinaba que o/a meu/miña fillo/a /titorando/a cometera unha conduta gravemente prexudicial para a convivencia do centro e se lle imponían medidas correctoras, da que se achega copia a este escrito.

En relación con isto, formulo as seguintes ALEGACIONES:

(Breve exposición dos motivos alegados para solicitar a revisión da medida)

Solicito que o consello escolar do centro, segundo o previsto no Decreto 8/2015, revise a dita resolución da dirección do centro ao abeiro da nova información aportada.

ANEXOS

(Indicar cando se xunte documentación complementaria)

(Lugar), _____ de _____ de _____
O/A interesado/a

(Nome e apelidos)

DIRECTOR/A DO (nome do centro)

Nome e apelidos do destinatario ou dos seus representantes legais no caso de menores incapacitados/as)

Enderezo (rúa, número, porta etc.)

Código postal, localidade, concello, provincia

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DO (nome do centro) SOBRE REVISIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS DE CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS PARA Á CONVIVENCIA

FEITOS

1. Referencia á conduta que orixinou a primeira resolución.
2. Con data de de emítase resolución desta dirección aplicando a medida correctora:
3. en representación do/a seu/súa fillo/a, tutelado/a (nome do/a alumno/a, se procede) presenta, con data de de solicitude de revisión, de acordo co previsto no artigo 54.3 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
4. Con data de de , o consello escolar emite informe de revisión coa seguinte proposta:

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, establece que as correccións que se impoñan por parte da dirección do centro en relación ás condutas gravemente prexudiciais para a convivencia poderán ser revisadas polo consello escolar a instancia das alumnas ou dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es, de acordo ao establecido no artigo 127.f) da Lei orgánica 2/2006, para os centros públicos e o artigo 57.d) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito a educación para os centros concertados.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO: (marcar o que proceda)

Ratificar a medida correctora imposta á/ao alumna/o (nome e apelidos) mediante resolución do de de consistente en: .

Modificar a medida correctora imposta á/ao alumna/o (nome e apelidos) mediante resolución do de de impondo unha nova medida correctora consistente en: .

Mediante este documento notificaselle a (nai/pai/titor/a legal do alumno/a ou o propio alumno/a no caso de ser maior de idade ou análoga situación) e á xefatura territorial, esta resolución, segundo o esixido no artigo 54 do Decreto 8/2015.

A medida será inmediatamente executiva e esgota a vía administrativa. Contra a mesma poderá interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, segundo o previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, ou ben acudir ao órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

(Lugar), de de
O/A director//a

(Nome e apelidos)

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN DO (nome do centro)

SUSPENSIÓN DE MEDIDAS POR COMPROMISOS EDUCATIVOS PARA A CONVIVENCIA

FEITOS

1. Con data de de emíttese resolución firme do procedemento corrector incoado á/ao alumna/o .
2. A dita resolución establece unha serie de medidas correctoras e reparadoras: (desglosar medidas)
3. Con data de de asínase un compromiso educativo para a convivencia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. O artigo 55 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, establece que poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se a alumna ou o alumno corrixida ou corrixido ou, de ser o caso, as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e, asinan un compromiso educativo para a convivencia.

A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos por parte da alumna ou do alumno ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

De acordo con todo o indicado, RESOLVO:

1. Suspender a aplicación das medidas correctoras impostas á/ao alumna/o con data de de en tanto se cumpran os compromisos educativos para a convivencia escolar adquiridos.

Mediante este documento notificaselle a (nai/pai/titor/a legal do alumno/a ou o propio alumno/a no caso de ser maior de idade ou análoga situación) esta resolución.

A medida será inmediatamente executiva e esgota a vía administrativa. Contra a mesma poderá interpoñer potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes, segundo o previsto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, ou ben acudir ao órgano xurisdiccional contencioso-administrativo no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

(Lugar), de de

O/A director//a

(Nome e apelidos)

9. Anexos acoso escolar e ciberacoso

Anexo 1

Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar

Datos do centro educativo

Nome do centro	Código do centro
----------------	------------------

Persoa que comunica a situación de posible acoso escolar

<input type="checkbox"/> Profesor ou profesora do grupo	<input type="checkbox"/> Persoa agredida	<input type="checkbox"/> Servizos médicos
<input type="checkbox"/> Outro profesorado	<input type="checkbox"/> Outras alumnas ou outros alumnos	<input type="checkbox"/> Servizos sociais
<input type="checkbox"/> Titor ou titora	<input type="checkbox"/> Familiares do/a alumno/a agredido/a	<input type="checkbox"/> Outros (especificar):
<input type="checkbox"/> Orientadora ou orientador	<input type="checkbox"/> Denuncia anónima	
<input type="checkbox"/> Persoal non docente	<input type="checkbox"/> Persoa observadora/espectadora externa	

Vía de coñecemento e comunicación da situación

<input type="checkbox"/> Observación directa	<input type="checkbox"/> Titoría de pais/nais (PAT)
<input type="checkbox"/> Caixa de suxestións do centro	<input type="checkbox"/> A través dun medio telemático (especificar):
<input type="checkbox"/> Reunión de titores de nivel/ciclo (PAT)	<input type="checkbox"/> Outros (especificar):
<input type="checkbox"/> Titoría de alumnado (PAT)	

Posible vítima

Nome e apelidos (ou iniciais destes)	Curso e grupo	Sexo <input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/> Home
--------------------------------------	---------------	---

Posible agresor/a

Nome e apelidos (ou iniciais destes)	Curso e grupo	Sexo <input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/> Home
--------------------------------------	---------------	---

Breve descrición dos feitos (debe concretarse o máximo posible o lugar e a data en que tiveron lugar)

1.º
2.º
3.º

....., de de

Sinatura 1 (persoa que comunica a situación*)

Sinatura 2 (persoa receptora da demanda)

* No caso de que a persoa que comunica a situación non poida ser identificada, figurará a sinatura da persoa responsable da dirección do centro, como persoa que rexistra a situación.

Anexo 2

Nomeamento da persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima

O responsable da atención e apoio á presunta vítima será, preferentemente, unha persoa con formación e sensibilidade coa temática e, sobre todo, que sexa de confianza para a vítima. Pode ser o orientador ou orientadora do centro, un profesor ou unha profesora membro da comisión de convivencia, un membro do equipo directivo ou calquera outro profesor ou profesora próximo.

Estimado/a señor/a D/D^a ... (nome e apelidos do docente):

Como profesor/a que é do ... (nome do centro), diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que, logo da recepción dunha denuncia por posible acoso escolar sufrido polo/a alumno/a ... (nome do/a alumno/a), por parte da dirección do centro decidiuse que sexa vostede a persoa que, conforme o protocolo establecido ao respecto, se faga responsable de acompañar a posible vítima e de lle servir de axuda durante todo o proceso do citado protocolo e, de ser o caso, no transcurso da tramitación do expediente que poida derivar da investigación dos feitos denunciados.

Neste sentido, dáselle traslado da denuncia e do alumnado implicado para que, con carácter inmediato e conforme o protocolo de actuación establecido, inicie os primeiros contactos de acompañamento e axuda ao/á alumno/a mencionado/a. Da información que poida obter deste acompañamento e que se considere relevante para o esclarecemento dos feitos, manterá informada a persoa responsable da tramitación e/ou a persoa que ocupa a dirección do centro.

Igualmente, queda convocado/a á reunión que se manterá o próximo día ... (día/mes/ano), ás ... (horas), no ... (lugar) deste centro, co obxecto de ofrecerlle a información oportuna sobre a situación.

..... de de

Sinatura

Recibin

(o/a director/a)

(sinatura da persoa nomeada)

Anexo 3

Primeira comunicación á familia da presunta vítima

Estimado/a señor/a D/D^a ... (nome e apelidos do pai, nai ou persoa titora legal do alumno ou alumna):

Como persoa responsable da dirección do ... (nome do centro), diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que recibimos unha denuncia dunha posible situación de acoso escolar que está a ser sufrida polo/a seu/súa fillo/a ... (nome do/a alumno/a), segundo a información recibida nesta dirección ... (facer mención expresa da comunicación de posible acoso, do medio empregado e da data en que se efectuou), e de convocalo a unha reunión urxente que se vai desenvolver o próximo día ... (día/mes/ano), ás ... (horas), no ... (lugar) deste centro, coa finalidade de informalo/a dos feitos acontecidos, das actuacións e medidas de urxencia adoptadas polo centro para a protección do/a seu/súa fillo/a e do protocolo que se vai seguir para esclarecer os feitos ata a súa conclusión.

As medidas provisionais para a súa protección, adoptadas ante a posible gravidade das condutas consisten en: ...

- 1.
- 2.
- ...

Coa finalidade de recompilar toda a información posible que contribúa ao adecuado desenvolvemento do protocolo, proximamente solicitarase a súa colaboración e será convocado/a a unha nova entrevista.

Así mesmo, será informado/a puntualmente das actuacións que se desenvolvan e que poidan afectarlle ao/á seu/súa fillo/a.

....., de de

Sinatura

Recibín e fun informado/a

(o/a director/a)

(sinatura/s do/s representante/s legais do/a alumno/a)

Anexo 4

Primeira comunicación á familia da/s perso/a/s presunta/s agresora/s

Estimado/a señor/a D/D^a ... (nome e apelidos do pai, nai ou persoa titora legal do alumno ou alumna):

Como persoa responsable da dirección do ... (nome do centro), diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que recibimos unha denuncia dunha posible situación de acoso escolar na que aparece implicado/a o/a seu/súa fillo/a ... (nome do/a alumno/a), segundo a información recibida nesta dirección ... (facer mención expresa da comunicación de posible acoso, do medio empregado e da data en que se efectuou), e de convocalo a unha reunión urxente que se vai desenvolver o próximo día ... (día/mes/ano), ás ... (horas), no ... (lugar) deste centro, coa finalidade de informalo/a dos feitos acontecidos, das actuacións e medidas de urxencia adoptadas polo centro e do protocolo que se vai seguir para esclarecer os feitos ata a súa conclusión.

As medidas provisionais, adoptadas ante a aparente gravidade das condutas, consisten en:

- 1.
- 2.
- ...

Coa finalidade de recompilar toda a información posible que contribúa ao adecuado desenvolvemento do protocolo, proximamente solicitarase a súa colaboración e será convocado/a a unha entrevista.

Así mesmo, será informado/a puntualmente das actuacións que se desenvolvan e que poidan afectarlle ao/á seu/súa fillo/a.

....., de de

Sinatura

Recibín e fun informado/a

(o/a director/a)

(sinatura/s do/s representante/s legais do/a alumno/a)

Anexo 5

Nomeamento da persoa responsable das averiguacións previas

O responsable das averiguacións previas será, preferentemente, unha persoa con formación e sensibilidade coa temática. Pode ser o orientador ou a orientadora do centro, un profesor ou unha profesora membro da comisión de convivencia, un membro do equipo directivo ou calquera outro profesor ou profesora.

Estimado/a señor/a D/D^a ... (nome e apelidos do docente):

Como profesor/a que é do ... (nome do centro), diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que, logo da recepción dunha denuncia dunha posible situación de acoso escolar sufrida polo/a alumno/a ... (nome do/a alumno/a), a dirección do centro decidiu que sexa vostede o que, conforme o protocolo establecido ao respecto, se faga responsable da posta en marcha das actuacións recollidas no citado protocolo e, de ser o caso, da tramitación do expediente que poida derivar da investigación dos feitos denunciados.

Neste sentido, dáselle traslado da denuncia e do nome do alumnado implicado para que, con carácter inmediato e conforme o protocolo de actuación establecido, inicie os trámites oportunos e manteña informada de todas as actuacións efectuadas á persoa que ocupa a dirección do centro.

Igualmente, queda convocado/a á reunión que se manterá o próximo día ... (día/mes/ano), ás ... (horas), no ... (lugar) deste centro, co obxecto de ofrecerlle a información oportuna sobre a situación.

....., de de

Sinatura

Recibín

(o/a director/a)

(sinatura da persoa nomeada)

Anexo 6

Comunicación a outros profesionais educativos e/ou axentes externos

Estimado/a señor/a D/D^a ... (nome e apelidos do profesional a quen vai dirixida e do que se solicita colaboración), membro do ... (nome do organismo, EOE, Inspección):

Como persoa responsable da dirección do ...(nome do centro), diríxome a vostede co obxecto de lle comunicar que, logo da recepción da denuncia dunha posible situación de acoso escolar que está a sufrir un/unha alumno/a deste centro educativo, solicitamos a súa colaboración para:

- | |
|---|
| <input type="checkbox"/> Recompilar toda a información posible que contribúa ao adecuado desenvolvemento do protocolo establecido no centro ante situacións deste tipo. |
| <input type="checkbox"/> Solicitar o seu apoio técnico, necesario para un adecuado desenvolvemento do protocolo establecido no centro ante situacións deste tipo. |
| <input type="checkbox"/> Outros motivos: ... |

Por esta razón, convócoo/a a unha reunión urxente que se realizará o próximo día... (día/mes/ano), ás ... (horas), no ... (lugar) deste centro, co obxecto de ofrecerlle a información oportuna sobre a situación e solicitar a súa colaboración nalgúns aspectos do protocolo que se está a desenvolver.

Así mesmo, será informado/a puntualmente das actuacións que se desenvolvan e que poidan requirir do seu coñecemento para a adopción de actuacións que complementen o protocolo posto en marcha polo centro educativo.

..... de de

Sinatura

Recibín e fun informado/a

(o/a director/a)

(sinatura da persoa da que se solicita colaboración)

Anexo 7

Recollida inicial de información

Datos do centro educativo

Nome do centro	Código do centro
----------------	------------------

Persoa que comunica a situación de posible acoso escolar

--

Data do requirimento da intervención (día/mes/ano)

--

Posible vítima

Nome e apelidos (ou iniciais destes)	Curso e grupo	Sexo <input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/> Home
--------------------------------------	---------------	---

Posible agresor/a

Nome e apelidos (ou iniciais destes)	Curso e grupo	Sexo <input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/> Home
--------------------------------------	---------------	---

Tipo da agresión denunciada

Verbal	Física
<input type="checkbox"/> Alcumes ofensivos <input type="checkbox"/> Insultos <input type="checkbox"/> Calumnias, desprestixio, falar mal de alguén <input type="checkbox"/> Provocacións <input type="checkbox"/> Ridiculización pública <input type="checkbox"/> Outros	<input type="checkbox"/> Incomodar (empurróns, agresións leves) <input type="checkbox"/> Pegar, agresións importantes <input type="checkbox"/> Agachar cousas <input type="checkbox"/> Romper cousas <input type="checkbox"/> Roubar cousas <input type="checkbox"/> Outros
Social	Maltrato mixto
<input type="checkbox"/> Non dirixirle a palabra <input type="checkbox"/> Illar no grupo e/ou no centro <input type="checkbox"/> Ignorar <input type="checkbox"/> Non deixar participar <input type="checkbox"/> Ridiculizar as súas opinións, aspecto etc. <input type="checkbox"/> Comentarios sobre o sexo, raza, relixión etc. <input type="checkbox"/> Outros ...	<input type="checkbox"/> Ameazas <input type="checkbox"/> Chantaxe <input type="checkbox"/> Extorsión, obrigar a facer algo con ameazas <input type="checkbox"/> Intimidacións <input type="checkbox"/> Comentarios sobre o sexo, raza, relixión etc. <input type="checkbox"/> Outros ...
Acoso ou abuso sexual	Outros
<input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non <input type="checkbox"/> Físico <input type="checkbox"/> Verbal	<input type="checkbox"/> ... <input type="checkbox"/> ...
Novas tecnoloxías	
